Acaso

«ACASO» de Javier Vallhonrat

FUNDACIÓN CAIXAGALICIA

PHOTOGALICIA2008
© PHOTOESPAÑA

A exposición ofrece unha panorámica moi completa de «Acaso», que ata agora só fora exposta de maneira parcial e fragmentaria. Esta serie explora, a través de imaxes de obxectos, lugares ou accións, a idea de pertenza, identidade, proceso de construción ou proceso de transformación, así como as fricciónes que se establecen entre a natureza e o habitado ou a casa, a intemperie e o refuxio, a soidade do traballo ou a dor do íntimo.

Javier Vallhonrat entende a fotografía como un medio libre en que mira con ollos novos. Séntese debedor de grandes artistas, como Duchamp ou Bacon, e de movementos como o cubismo ou o dadaísmo, aos que dedicou a súa primeira serie, «Homenaxes» (1983).

Os seus contactos iniciais coa moda e a publicidade fan que a estética do corpo estea presente nos seus traballos. Interésalle a relación do corpo co espazo. Non obstante, ao longo da súa carreira artística irá afastándose deste formulación, achegándose a un máis conceptualista aínda que igualmente estético. En «Animal-vexetal» (1985) apréciase unha atención, ademais de polo corpo, pola natureza, aquela que non sufriu a actuación do home. En 1991, a partir da serie «Autogramas», desaparece o corpo humano, referente en toda a súa obra, ao que volverá nas súas pezas máis tardías e nos seus vídeos, aínda que cun tratamento moi diferente. A idea da fotografía como un soporte bidimensional e a inclusión da arquitectura nas súas creacións quedan plasmadas en series como «Obxectos precarios» (1993-1994) e «Caixas» (1995). Para as súas fotografías utiliza maquetas, que el mesmo constrúe, nas que explora as relacións co espazo. Este é o caso de series como «ETH» (2000-2002) e «Casa de fume» (2004). Nesta última vídeos e fotografías interrelaciónanse para crear un espazo de significación múltiple e ambiguo. Vídeos enfrontados dous a dous e series fotográficas suscitan preguntas en torno aos ciclos vitais.

Javier Vallhonrat elaborou unha linguaxe persoal que se ocupa ao tempo da pintura e da fotografía mediante a interacción de tomas de modelos e obras clásicas das vangardas, analizando o corpo, a xeometría e o espazo. As súas últimas obras preocúpanse, fundamentalmente, da forma e a luz. Pertence á categoría dos fotógrafos que fixeron da súa obra unha permanente revisión do carácter e o significado do medio en que se desenvolve. Vallhonrat sostén nas súas imaxes un diálogo plural con outras linguaxes da creatividade contemporánea, sen apartarse do rigor formal e dunha formulación inequivocamente estética.